



DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Prácticas de Interpretación Sistemas de Interpretación
DISCIPLINA	Interpretación III
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Textual
CURSO	Segundo
CRÉDITOS ECTS	6
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	Esad de Galicia
COORDINADOR/A	Damián Contreras
DOCENTES	Nome e apelidos: Olga Magaña - Ermel Morales Contacto: olgamaga@edu.xunta.es ermelmorales@edu.xunta.es Horario titorías: www.esadgalicia.com/qlg/profesorado.php?id=2&tit=Titor%EDas Despacho: D3
DESCRIPCIÓN	Adestramento nos procesos psicofísicos da técnica actoral. Estudo práctico das técnicas de improvisación. Achegamento á situación imaxinaria e á construción da personaxe a través da acción dramática.
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X2	Comprender psicoloxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose aos demais e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.

COMPETENCIAS ESPECIFICAS DE ESPECIALIDADE			
E11	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.		
E12	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.		
E13	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.		
E15	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.		
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS	
1. Afianzar no alumno os coñecementos adquiridos no curso anterior.	T1,T2,T3,T6,T7, X1, X4, X5, X6, E1, E12		
2. Desenvolver capacidades e actitudes que favorezan o traballo equipo.	T1,T2,T3,T6,T7,X1,X4,X5, X6,E12,E15		
3. Capacitar ao alumno para relacionar a teoría da interpretación coa súa práctica.	T1,T2,T3,T6,T7, T8, X1, X5		
4. Coñecer os elementos que compoñen a linguaxe escénica, as súas convencións e terminoloxías	T3,T6,T7,X5,X6, E12,E13,E15,		
5. Desenvolver capacidades en comunicación expresiva. Unificación de coñecementos que integran a voz, o corpo e o xesto como medios expresivos e significantes	T7,T8, X4,X5,X6,E13,E15		
6. Dominar técnicas de repostas actorais espontáneas.	T1,T3,X2,X3,X4,X5,X6,E11,E13, E15		
7. Coñecer o orixe da estrutura dramática e os seus elementos	T1, T2, T3, T6, T7, T8, X1, X2, X3, X4, X5, X6, E11, E12, E15		
8. Capacitar ao alumno para poñer en práctica un "training " persoal que lle prepare no seu proceso de achegamento ao personaxe	T1, T2, T3, T6, T7, T8, X1, X2, X3, X4, X5, X6, E11, E12, E15		
9. Progresar nas habilidades de adaptación a códigos de estilo e xéneros dramáticos	T1, T2, T6, X2, X4, X5, X6, E12 E13, E15		
10. Desenvolver a capacidade creativa e investigadora	T1, T2, T3, T6, T7, X2, X3, X4, X5, X6, E13, E15		
4. CONTIDOS			
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS	
1. SISTEMAS INTERPRETATIVOS III	1.1 A integración do texto na acción dramática 1.2 A imaxinación como ferramenta actoral. 1.3 Atención, concentración e memoria 1.4 As accións físicas	15	
2. PRÁCTICAS DE INTERPRETACIÓN III	2.1 Técnicas de improvisación III 2.2 A acción dramática 2.3 Características e finalidades da acción 2.4 O espazo e o tempo na acción dramática 2.5 Antecedentes; conflitos e obxectivos	15	
TOTAL SESIÓNS			30
5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	6	6	12
Traballo de aula	20	28	48
Presentacións/exposicións alumnado	10	6	16
Prácticas	25	30	55
Resolucións exercicios	15		15
Debates	6		6
Titorías individuais	4		4
Titorías de grupo	2		2
Actividades de avaliación. Probas	1	10	11
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	1	10	11
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL HORAS	90	90	180
PORCENTAXE	50%	50%	

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE		
Actividades	Descrición	
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia	
Resolución de exercicios	Actividade na que se formulan exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación	
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado sobre algún dos contidos da materia. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo	
Debates	Charla aberta que pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema	
Estudo de casos/análises de Situación	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse nos procedementos alternativos de solución.	
Traballos de aula	O estudante desenvolve prácticas específicas na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.	
Estudos/actividades previos	Procura, lectura e traballo de documentación, propostas de resolución de problemas e/ou exercicios que se realizarán na aula de forma autónoma por parte do alumnado.	
Metodoloxías integradas	Aprendizaxe colaborativa: Enfoque interactivo de organización do traballo na aula no cal os alumnos son responsables da súa aprendizaxe e da dos seus compañeiros nunha estratexia de corresponsabilidade para acadar metas e incentivos de grupo.	
Titoría en grupo	Entrevistas que os alumnos manteñen co profesor da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe	
Titorías individuais	Entrevistas que o alumno mantén co profesor da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe	
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Seguimento	Farase un seguimento personalizado, facendo un análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis axeitado.	
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inxerencias que xurdan en cada caso.	
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8. 1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta /actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Seguimento diario. Puntualidade. Disciplina. Implicación e colaboración nas tarefas individuais e colectivas	T1, T2, T3, T6, T7, T8, X1, X2, X3, X4, X5, X6, EI1, EI2, EI3, EI5	30%
Execución de traballos. Presentación de exercicios prácticos e evolución dos mesmos.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, X1, X2, X3, X4, X5, X6, EI1, EI2, EI3, EI5	50%
Traballos teóricos. Presentación de exercicios escritos e exposición oral dos mesmos. Recensión dun libro elixido polo profesor. Mínimo 10 pag., máximo 20 pag. Letra tipo Times New Roman 12, interlineado sinxelo. O traballo conterá: portada, índice, introdución, desenvolvemento dos contidos do índice e bibliografía. Normas A.P.A	T1, T2, T3, T6, T8, X1, X3, X5, X6, EI5	10%
Clase aberta : Confrontación das prácticas do aula co público.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, X1, X2, X3, X4, X5, X6, EI1, EI2, EI3, EI5	10%

- Crearanse espazos de colaboración coa materia Técnica vogal, expresión oral y expresión corporal

8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta /actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<p><u>Proposta 1</u> Presentación dun monólogo. Realizaranse dúas prácticas diferentes sobre o mesmo texto que terán unha duración máxima de 7 minutos cada unha. Esta proba terá unha duración aproximada de media hora por alumno/a.</p> <p><u>Proposta 2</u> Presentación dunha escena. A escena terá unha duración mínima de 7 minutos, e máxima de 10, e contará, de forma obrigatoria, coa participación de entre 2 a 4 actores. Este exercicio terá unha duración aproximada dunha hora por alumno/a.</p> <p><u>NOTA</u> Tanto a proposta nº 1 como a nº 2 deberán ir acompañadas dunha memoria que describa o proceso de traballo: planificación cronolóxica, metodoloxía e ilustracións referentes sobre a época, o estilo e o autor; así como a relación da proposta cos contidos da materia, a cal expoñerá e defenderá ante o profesor/a que poderá facer preguntas ao respecto. O profesor/a poderá propoñer ao alumno/a indicacións e variacións sobre os devanditos exercicios</p>	T1, T2, T3, T6, T7, T8, X1, X2, X3, X4, X5, X6, E11, E12, E13, E15	50%
<p>Recensión dun libro elixido polo profesor. Mínimo 20 pag., máximo 30 pag. Letra tipo Times New Roman 12, interlineado sinxelo. O traballo conterá: portada, índice, introdución, desenvolvemento dos contidos do índice e bibliografía. Normas A.P.A</p>	T1, T2, X1, X5, X6, E15	30%
<p>Exposición de traballo teórico. O alumno/a expoñerá oralmente a análise do libro arriba indicada e relacionará os contidos deste coas prácticas das escenas presentadas</p>	T1, X4, X5, X6, E11	20%
<p>OBSERVACIÓNS O alumno/a poñerá en contacto co profesor/a para especificar autores, textos e escenas a traballar nos exercicios obxecto de exame cunha antelación mínima dun mes</p>		
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta /actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<p><u>Proposta 1</u> Presentación dun monólogo. Realizaranse dúas prácticas diferentes sobre o mesmo texto que terán unha duración máxima de 7 minutos cada unha. Esta proba terá unha duración aproximada de media hora por alumno/a.</p> <p><u>Proposta 2</u> Presentación dunha escena. A escena terá unha duración mínima de 7 minutos, e máxima de 10, e contará, de forma obrigatoria, coa participación de entre 2 a 4 actores. Este exercicio terá unha duración aproximada dunha hora por alumno/a.</p> <p><u>NOTA</u> Tanto a proposta nº 1 como a nº 2 deberán ir acompañadas dunha memoria que describa o proceso de traballo: planificación cronolóxica, metodoloxía e ilustracións referentes sobre a época, o estilo e o autor; así como a relación da proposta cos contidos da materia, a cal expoñerá e defenderá ante o profesor/a que poderá facer preguntas ao respecto. O profesor/a poderá propoñer ao alumno/a indicacións e variacións sobre os devanditos exercicios</p>	T1, T2, T3, T6, T7, T8, X1, X2, X3, X4, X5, X6, E11, E12, E13, E15	70%
<p>Recensión dun libro elixido polo profesor. Mínimo 20 pag., máximo 30 pag. Letra tipo Times New Roman 12, interlineado sinxelo. O traballo conterá: portada, índice, introdución, desenvolvemento dos contidos do índice e bibliografía. Normas A.P.A</p>	T1, T2, X1, X5, X6, E15	20%
<p>Exposición de traballo teórico. O alumno/a expoñerá oralmente a análise do libro arriba indicada e relacionará os contidos deste coas prácticas das escenas presentadas</p>	T1, X4, X5, X6, E11	10%
<p>OBSERVACIÓNS - O alumno/a poñerá en contacto co profesor/a para especificar autores, textos e escenas a traballar nos exercicios obxecto de exame cunha antelación mínima dun mes</p>		

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

- Chejov, Michael. (2006). *Lecciones para el actor profesional*. Barcelona, ed. Alba.
- Knébel Osipovna, María. (1996). *El último Stanislavski*. Madrid, Ed. Fundamentos
- Knébel Osipovna, María. (1998). *La palabra en la creación actoral*. Madrid, Fundamentos
- Richards Thomas (2005). *Trabajar con Grotowski sobre las acciones físicas*. Barcelona, Alba editorial, S.L.U.
- Stanislavski, Konstantin. (2009). *El trabajo del actor sobre sí mismo en el proceso creador de la encarnación*. Barcelona, ed. Alba.

Referencias complementarias

- Brook Peter (2007). *La puerta abierta*. Barcelona, Alba Editorial.
- Chastel, André. (2004). *El gesto en el arte*. Madrid, ed. Siruela.
- Chejov, Michael. (2002). *Sobre la técnica de actuación*. Barcelona, ed. Alba.
- Gielgud, John. (2001). *Interpretar a Shakespeare*. Barcelona, ed. Alba.
- Layton, William. (1990). *¿Por qué? El trampolín del actor*. Madrid, ed. Fundamentos.
- Lecoq Jacques. (2004). *El Cuerpo Poético*. Barcelona, ed. Alba.
- Mamet, David (1997): *Verdadero y falso. Herejía y sentido común para el actor*, Planeta, Barcelona, 2003.
- Medina Vicario, Miguel. (2000). *Los géneros dramáticos*. Madrid, ed. Fundamentos.
- Meisner, Sanford y Longwell, Dennis. (2003). *Sobre la actuación*. Barcelona, ed. La Avispa.
- Richardson, Don. (2004). *Interpretar sin dolor*. Madrid, Asoc. Directores de Escena.
- Stanislavski, Konstantin. (2000). *Manual del actor*. México, ed. Diana.
- Referencias complementarias. Artículos
- Angelini, Franca. *Psicoanálisis*. ADE teatro: Revista de la Asociación de Directores de Escena de España, Nº 95, 2003, pags. 144-148
- Chéjov, Mijail. *Respuestas a un cuestionario sobre la psicología de la creación actoral*. ADE teatro: Revista de la Asociación de Directores de Escena de España, Nº 92, 2002, pags. 190-195
- De Vicente Hernando, César. *La interpretación actoral como producción de conocimientos*. ADE teatro: Revista de la Asociación de Directores de Escena de España, Nº 87, 2001, pags. 62-66
- Escárcega Rodríguez, Ignacio. *La prueba de los amigos, de Lope de Vega, como un modelo de formación actoral*. América y el teatro español del siglo de oro : (Cádiz, 23 a 26 de octubre, 1996) / coord. por Concepción Reverte Bernal, Mercedes de los Reyes Peña, 1998, pags. 351-358
- Féral, Josette. *Presencia y energía: ¿cómo definirlos?*, extracto de entrevistas. ADE teatro: Revista de la Asociación de Directores de Escena de España, Nº 95, 2003, pags. 149-156
- Hormigón, Juan Antonio. *Paradojas de la interpretación actoral: Muchos equívocos y muchas certidumbres*. ADE teatro: Revista de la Asociación de Directores de Escena de España, Nº 87, 2001, pags. 7-15
- Octavia Alvarez, Elena. *Grotowski y la técnica actoral* ADE teatro: Revista de la Asociación de Directores de Escena de España, Nº 87, 2001, pags. 80-84
- Schinca, Marta. *El lugar de las técnicas corporales en la formación actoral*. ADE teatro: Revista de la Asociación de Directores de Escena de España, Nº 92, 2002, pags. 144-149
- Thenon, L. *Proyectos de formación actoral: La formación del actor y la "dramaturgia intermedial"*. ADE teatro: Revista de la Asociación de Directores de Escena de España, Nº 92, 2002, pags. 172-177
- Vizcaíno, Carlos C. *O monólogo como ejercicio actoral*. Casahamlet: Revista de teatro, Nº. 6, 2004, pags. 4-7
- Vygostki, Lev S. *Extractos de los escritos sobre psicología del arte y educación creativa de L.S. Vygotski*. C & E: Cultura y educación, Vol. 16, Nº 1-2, 2004, pags. 19-42